

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO GROVE PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO MARISCO DO GROVE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Grove o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Festa do Marisco do Grove.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos,



para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Marisco do Grove.

Cuarto.- O obxectivo inicial da festa foi exaltar o marisco das costas galegas e despois de varias edicións do certame, O Grove, acadou o alcume de "Paraíso do Marisco", que aínda hoxe ten a gala e que o distingue e o da a coñecer en todos os ámbitos.

Durante os días en que discorre a festa ábrense casetas de venda de marisco a prezos populares, co obxecto de promocionar o excelente marisco galego. Son variadas as actividades complementarias que se levan a cabo no transcurso deste evento. Destaca o Simposio Internacional de Escultura ao Aire Libre. As obras que se realizan por tres escultores chegados de distintos países, son de tema libre, pero sempre, como punto de partida atopamos o granito galego en calquera das súas variedades. Tamén destacan os concertos, exposicións e conferencias de carácter científico-comercial como o ciclo de conferencias que se desenvolven na carpa-exposición e sole tratar de diversos temas relacionados co mar, co turismo e a gastronomía. A programación de concertos, de carácter gratuíto e para todos os públicos xera na tempada de outono a última cita importante para músicos e público.

O período no que se desenvolverá esta festa irá **do 5 ao 15 de outubro de 2023**, aínda que as actividades que comprende abranguen practicamente todo o ano.



Así, neste 2023 o Concello do Grove prevé facer unha nova actividade de promoción fóra de España, neste caso en Alemaña (Berlín). Os pasos que se van dando neste senso responden á necesidade de darlle maior difusión a esta festa e o Concello. A elección de Berlín débese ás posibilidades de viaxar que se ofrecen á poboación das zonas comunicadas con Galicia e na comunicación continua que dende hai un tempo coas cidades Alemañas.

A Festa do Marisco do Grove é un dos mellores escaparates dos produtos das Rías Galegas como o demostran os máis de 200.000 visitantes que veñen acudindo ao Grove en cada edición, tamén de países como Alemaña, Gran Bretaña, Bélxica, Francia, Suíza, Italia ou Irlanda, entre outros.

Esta festa ponse de exemplo en moitas publicacións relacionadas co estudo do turismo, sendo un importante motor da economía do Grove e das vilas do seu entorno, sendo declara **Festa de Interese Turístico Nacional** no ano 2013.

Quinto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sexto.- Que a través deste convenio, outórgase ó Concello do Grove unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

